

CAMPIONATO DE GALICIA DE RALLIES

2ª CATEGORIA 2025

FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOVILISMO



APROBADO
2025-09-29
13:40+02:00



22 Novembro 2025



XVIII Rallie de Regularidade MOUCHO DO CONDADO

ALPINE



RODOSA



REGULAMENTO PARTICULAR

PROBA: **XVIII RALLIE DE**

REGULARIDADE MOUCHO DO CONDADO



PROVINCIA: PONTEVEDRA

DATA: 22 DE NOVEMBRO 2025



REGULAMENTO PARTICULAR

XVIII RALLIE DE REGULARIDADE MOUCHO DO CONDADO

Organiza **Escudería Surco**

1-Programa-horario

Data	Hora	Programa	Lugar
14/10/25	10:00	Apertura de Inscripción	Escudería Surco Rúa Marqués de Viana 14 36450 Salvaterra de Miño inscripcionesrallysurco@gmail.com
17/11/25	20:00	Peché de inscrición	
19/11/25	20:00	Publicación da lista de inscritos	WWW.ESCUDEIASURCO.ORG www.fga.es
22/11/25	De 14:00 a 16:00	Verificación Administrativas	 Praza Santo Agostiño, 36440 As Neves, Pontevedra
	De 14:30 a 16:30	Verificación Técnicas Entrega de "GPS"	 42.088154, -8.414644 Pr. Maior, 6-2, 36440 As Neves
	17:00	Saída do 1º Participante 1ª Sección	
	18:30	Reagrupamento	A definir mediante comunicado
	19:00	Saída do 1º Participante 2ª Sección	
	21:00	Chegada 1º Participante da 2ª Sección	
	23:30	Chegada do Ultimo Participante Fin de Rally	 Restaurante Pizzeria-Castelo N-120, km 637, 36879 Mondariz, Pontevedra
23/11/25	00:00	Publicación Oficial de Resultados	 Restaurante Pizzeria-Castelo N-120, km 637, 36879 Mondariz, Pontevedra
	00:30	Entrega de Trofeos	

Nota. A entrega de premios será o día 23/11/2025 No salón da cea no Restaurante Pizzería-Castelo N-120, km 637 Mondariz.

Artigo 1.1 – Taboleiro Oficial de Avisos

Segundo o disposto no art. 11.9.4 do CDI, o Taboleiro de Anuncios Oficial será el taboleiro de anuncios dixital publicado na páxina web: www.escuderiasurco.org/tablon.

Tamén haberá comunicación coa aplicación “Sportity” pero non haberá Taboleiro oficial de avisos físico. Para acceder a toda a información do taboleiro de anuncios dixital do rally deberase ingresar o contrasinal



2.- Organización.

Artigo 1.- Organización.

1.1.- Definición:

A Escudería Surco organiza o XVIII Rallye de Regularidade Moucho do Condado que se desenvolverá o día 22 de Novembro do 2025.

Este Rallye de Regularidade disputarase de acordo co establecido nas prescricións comúns ós Campionatos e Copas de Galicia 2025, ás prescricións comúns para Rallys de regularidade e o presente regulamento particular da proba.

Este regulamento foi aprobado pola Federación Galega de Automobilismo o día 29/09/2025. A Proba ten o Permiso de Organización da Federación Galega de Automobilismo número GA-054- REC.



Dirección da Secretaría do Comité Organizador:

Escudería Surco

Rúa Marqués de Viana, 14

36450 Salvaterra de Miño - Pontevedra

📞 602245333 📞 663997585 📞 625655113

escuderiasurco@hotmail.com

1.2.- Oficiais:

Presidente Escudería:

D. Bruno T. Rivera Pazos

DC-00199-ESP-GA

Director de Carreira:

D. Marcos Fontan Ojea

DC-05322-ESP-GA

Xefe de Seguridade Vial:

D. Álvaro Fernández González

DC-05050-ESP-GA

3. Modalidades Xerais.

Artigo 2. Puntualidade.

O XVIII Rallie de Regularidade Moucho do Condado e puntuable para o Campionatos, copas ou trofeos Galegos de Rallys de Regularidade 2ª categoría (**só para pilotos e acompañantes con licencia expedida pola F.G.A.)**

Artigo 3. Descrición.

O XVIII Rallie de Regularidade Moucho do Condado consiste nun percorrido de **120,15 km.**, dos cales **90,50 km.** corresponden a treitos cronometrados de regularidade, por estradas asfaltadas abertas o tráfico, en unha etapa e dúas seccións.

No Libro de Ruta constan detallados o percorrido, etapas, e seccións, así como os reagrupamentos, e parques pechados.

Artigo 4.- Vehículos admitidos.

Serán admitidos todos os vehículos que cumpran as normativas vixentes para a súa circulación polas vías públicas. Antes do inicio da proba, a Organización efectuará un control administrativo dos vehículos, nos que se lle transmitirán o GIAT.(GRUPO DE INVESTIGACION Y ANALISIS DE TRAFICO) para a verificación de todos os vehículos inscritos de que teñen toda a documentación en vigor, e tamén nas verificacións técnicas as medidas de seguridade obrigatorias (chaleco e triángulos ou help flash).

Para axilizar as verificacións administrativas, poderanse facer de maneira telemática, enviando a autorización de copilotos menores de idade se fose necesario por correo electrónico a **inscripcionesrallysurco@gmail.com** ou número de teléfono **602245333**, que tamén aparece no presente regulamento particular, **ata as 20.00 horas do día 17.11.2025.** A documentación recibida fora dese prazo terá que presentarse nas verificacións presenciais o día da proba.

Só os participantes no rally de 2ª categoría da F.G.A., se comprobarán as licencias unicamente valen as licencias que son de piloto e copiloto.

Artigo 5.- Solicitude de inscricións

5.1.- Toda persoa que desexe participar no XVIII Rallie de Regularidade Moucho do Condado deberá remiti-la solicitude de inscrición, debidamente cumprimentada, o enlace que estará subido na paxina web da Escudería Surco, e nas súas redes sociais, abonar os dereitos de inscrición, e enviar o xustificante de pago vía e-mail, **antes das 20:00 do 17 de Novembro de 2025**

5.2.-Será imprescindible presentar o D.N.I. dos copilotos, no caso de ser menores de idade, ademais deberán presentar unha declaración xurada de responsabilidade polos país/nais/titores dos mesmos, acompañado polos correspondentes dni.

No caso do piloto, deberá presentar o permiso de conducir en vigor.

A falta de presentar calquera dos documentos antes descritos a organización poderá **denegar o dereito tomar a saída a proba a calquera equipo.**

5.3.- A lista de inscritos do XVIII Rallie de Regularidade Moucho do Condado, respectarase a posición dos 10 primeiros clasificados do Rallie 2025, quedando a orde do resto dos participantes inscritos na proba, por estrita orde de inscrición debidamente completada e pagada.

5.3.- O número de inscritos fíxase nun máximo de **120** vehículos.

5.4.- Os dereitos de inscricións poderán ser satisfeitos na secretaría da proba ou na entidade bancaria:

ABANCA ES52 2080 5608 42 3040000190
Antes das 20:00 do Venres 17 de Novembro do 2025

Artigo 6.- Dereitos de Inscrición-Seguros.

6.1.- Os dereitos de inscricións fíxanse en:

-Equipo (Piloto + Copiloto) **120 €**

Os Equipos constarán dun condutor e un acompañante, estando prohibido o transporte de calquera outra persoa.

6.2.- A solicitude de inscrición non se aceptará se non vai acompañada dos dereitos de inscrición.

6.3.- Os dereitos de inscrición comprenden o seguro de responsabilidade a través da F.G.A. coa Compañía **AON IBERIA CORREDURÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.U.**

6.4.- Os dereitos de inscrición inclúen:

- Dorsais para pegar no coche e un libro de ruta para realizar o percorrido.
- Praca de Verificado, sendo obrigatorio colocala cristal lateral traseiro da parte esquerda do vehículo.
- Praca do XVIII Rally de Regularidade Moucho do Condado, sendo obrigatorio colocala no capot do vehículo a participar.
- Equipo completo de GPS para controlar os tempos por satélite.
- Seguro
- Copia de permisos
- Copia de seguro
- Cea para 2 persoas.

4.- Desenrolo da proba.

Artigo 7.- Hora oficial do Rallie.

Durante o transcurso do Rallie, a hora oficial será a emitida na páxina web **www.time.is**. A hora de saída de cada participante será publicada en diversos puntos do entorno das verificacións técnicas.

Artigo 8.- Penalizacións.

O percorrido será secreto ata saída da proba, momento no que se entregará o libro de ruta, e estando terminantemente prohibido calquera tipo de recoñecemento do percorrido só pena de exclusión.

Dito percorrido deberá ser cuberto na súa totalidade, nos tempos determinados pola organización e cunha velocidade media sempre inferior a 49.9 km/hora.

Ó seu paso polas poboacións, os equipos deben **respectar absolutamente** a Lei de Circulación, baixo pena de exclusión inmediata.

Os controis secretos non estarán nunca situados:

- no 1º km. seguintes á saída dunha poboación.
- no 1º Km. seguintes a un STOP
- antes dos 150 metros dun cruce con STOP
- no 1º km. seguintes á saída do treito de regularidade
- nos 500 metros seguintes á un cambio de media
- nos 500 metros seguintes a un paso elevado

Isto é para permitir que os equipos recuperen a media respectando en todo momento a Lei de Circulación.

O intervalo entre cada equipo será de 1 minuto.

Os controis realizaranse por GPS pola empresa Anube tomarán os tempos o segundo, sendo as penalizacións dun punto por cada segundo de diferenza coa hora teórica de paso (tanto por adianto como por retraso).

Un equipo que tarde máis de 10 minutos ou que non pase por un control secreto poderá seguir en carreira, cunha penalización máxima de 600 puntos por cada control secreto omitido.

Os vehículos preparados para participar en probas de regularidade clásicas (Vehículos clásicos anteriores o ano 1998), e vehículos posteriores ata a actualidade, con aparatos de medida distintos dos orixinais, (admítense os equipos de medida que teñen montados), non terán penalización en función do tipo de aparato e por cada un dos controis.

Artigo 9.- Cronometraxe.

Dado que para o cronometraxe da proba necesítase incorporar un aparello especial no vehículo, será responsabilidade do participante :

1,- A colocación e retirada do GPS no vehículo, será baixo a completa responsabilidade do equipo participante.

2.-una vez comece o rally, este funcione correctamente. A cronometraxe será realizado co sistema de ANUBE. En caso de fallo do aparello de localización ou que este non transmita correctamente aplicarase este artigo: "En caso de mal funcionamento do localizador ou que este non transmita correctamente acharase a media de todos os controis do participante ata

o momento en que deixou de emitir e aplicárase esta media ao resto dos controis ata fin do rally".

ADVERTENCIA: Non se admiten nos vehículos (baixo pena de exclusión):

Computadores portátiles, PDAs ou similar,
teléfonos móbiles con especificacións de Smartphone usados en fins relacionados co evento,
iPad, GPS, Blunik, Terratrip 404, táboas electrónicas, nin pirámides, nin pantallas adicionais
aos medidores establecidos.

A organización resérvase o dereito para revisar o vehículo, sen previo aviso, en calquera momento do Rallye.

Artigo 10.- Clasificación final.

Será gañador quen posúa, previo computo final, menos penalizacións acumuladas o paso polos diferentes controis secretos. No eido de existir algún empate, tomarase como primeira referencia o vehículo que teña máis ceros nos controis, e de persistir o empate o que teña menos penalizacións no primeiro control e así sucesivamente.

Artigo 11.- Relacións Participantes



D. ROBERTO GONZALEZ GIL

TELÉFONO: 602 24 53 33

IDENTIFICADA CUN PETO VERDE CO TEXTO

"RELACIONS COS PARTICIPANTES"

SABADO – DE 13:00 A 18:00, EN VERIFICACIONES ADMINISTRATIVAS, E TECNICAS EN
PRAZA DO CONCELLO DE AS NEVES

DE 19:00 A 20:30, REAGRUPAMENTO FIN DA 1ª SECCION, INICIO 2ª SECCION

DE 20:30 A 23:59, PARQUE PECHADO FIN DE RALLY, E OFICINA PERMANENTE
RESTAURANTE-PIZZERIA O CASTELO

DURANTE TODA A PROBA LOCALIZABLE NO TELÉFONO

Artigo 12.- Publicidades

Este ano como novidade vos vamos a presentar que dorsais e placas van ir postas, e tamén sirve como guía para ver na posición na que se teñen que pegar nos vosos vehículos.

1- IX Trofeo Memorial Xosé Manuel Pino "Miguel" para vehículos Seat antes de 1998



1.1. situación

- **Portas dianteiras:** Números de competición Castelo, TCR datos norte
- **Cristal lateral traseiro** Esquerdo: Placa de verificado
- **Capot Dianteiro:** Placa do IX Trofeo Miguel

2- III Trofeo Rodosa para Vehículos Renault antes do 1998



2.1. situación

- **Portas dianteiras:** Números de competición Castelo, TCR datos norte
- **Cristal lateral traseiro** Esquerdo: Placa de verificado
- **Capot Dianteiro:** Placa do II Trofeo Rodosa Renault

3- Trofeo **EAM** para vehículos 100% eléctricos e híbridos.



3.1. Situación

- **Portas dianteiras:** Números de competición Castelo, TCR datos norte
- **Cristal lateral traseiro** Esquerdo: Placa de verificado
- **Capot Dianteiro:** Placa 2º trofeo **EAM** XVIII Rallie de Regularidade Moucho do Condado

4- Colocación dos dorsais e placas resto de participantes



4.1. situación

- **Portas dianteiras:** Números de competición Castelo, TCR datos norte
- **Cristal lateral traseiro** Esquerdo: Placa de verificado
- **Capot Dianteiro:** Placa XVIII Rallie de Regularidade Moucho do Condado

Artigo 13.- Premios.

Os Trofeos que se entregarán serán os seguintes:

- Os tres primeiros clasificados da Xeral Scratch.
- Primeiro equipo inscrito no campionato de Rallie de 2ª categoría da F.G.A. (con licencias ambos membros).
- Primeiro equipo clasificado con vehículo anterior ano 1998 sen modificacións non homologadas.
- Primeiro equipo clasificado Escudería Surco.
- IX Trofeo memorial Xosé Manuel Pino "Miguel" o primeiro equipo clasificado con un vehículo marca Seat anterior ano 1998
- III Trofeo Rodosa para Vehículos anteriores o ano 1998, sen modificacións non homologadas, da marca RENAULT entregarase o primeiro clasificado de dito trofeo.
- II Trofeo Electra Alto Miño para vehículos eléctricos e híbridos.

Don Bruno T. Rivera Pazos, provisto da licenza do Colexio de Oficiais de Automobilismo de Galicia, co número DC-00199-ESP-GA solicito a aprobación do presente Regulamento Particular da Proba á Federación Galega de Automobilismo.

En Salvaterra de Miño, a 22 de Setembro de 2025



Rúa Marqués de Viana, 14
36450 Salvaterra de Miño - Pontevedra
Telf.: 602245333- 663997585 625655113

escuderiasurco@hotmail.com
www.escuderiasurco.org

Asdo.(Entidade):



Escudería Surco
G-36.395.788

Asdo. (Presidente)

D. Bruno T. Rivera Pazos
C.I.F.: 77008844-Z

Anexo I

IX Trofeo memorial Jose Manuel Pino "Miguel" con un vehículo marca Seat anterior ano 1998

1-Definición:

A Escudería Surco, en colaboración con, **LUIS MELLA** colaborador da Escudería Surco, organizan. Ó **9º TROFEO JOSE MANUEL PINO "MIGUEL"** coa finalidade de premiar os equipos que compitan cun vehículo da marca **SEAT**, anterior o ano 1998 .

2-Áspirantes:

Os equipos a participar no **9ºTROFEO JOSE MANUEL PINO "MIGUEL"** Precisan de estar inscritos no Rallie, e ser equipos que participen con vehículos da marca **SEAT**.

3- Requisitos da Proba

Os equipos participantes que participen no **9º TROFEO JOSE MANUEL PINO "MIGUEL"** , deberán poñelo no formulario de inscrición, e a maiores levaran unha pegatina en formato placa de Rallie, identificándose como competidores de dito trofeo, dita pegatina e obrigatoria levala para participar neste trofeo.

4-Premiados:

Os gañadores deste **9º TROFEO JOSE MANUEL PINO "MIGUEL"** Será ó primeiro equipo clasificado con vehículo **SEAT** no XVIII Rallie de Regularidade Moucho do Condado.

5- Publicidade do trofeo:

Os equipos participantes deberán levar seguinte publicidade no formato que vos presentamos a continuación. A presentar en un complemento.

Anexo II

II Trofeo Rodosa para vehículos anteriores o ano 1998

1-Definición:

A Escudería Surco, en colaboración con, **Rodosa** servicio oficial Renault en Vigo y comarca do Condado-Parandanta, organizan. O **3ºTROFEO RODOSA-XVII RALLIE DE REGULARIDADE MOUCHO DO CONDADO** para vehículos anteriores o ano 1998, coa finalidade de premiar os equipos que compitan cun vehículo da marca **RENAULT**.

2-Áspirantes:

Os equipos a participar no **3ºTROFEO RODOSA-XVII RALLIE DE REGULARIDADE MOUCHO DO CONDADO** Precisan de estar inscritos no Rallie, e ser equipos que participen con vehículos da marca **RENAULT**.

3- Requisitos da Proba

Os equipos participantes que participen no **3ºTROFEO RODOSA-XVII RALLIE DE REGULARIDADE MOUCHO DO CONDADO**, deberán poñelo no formulario de inscrición, e a maiores levaran unha pegatina en formato placa de Rallie, identificándose como competidores de dito trofeo, dita pegatina e obrigatoria levala para participar neste trofeo.

4-Premiados:

Os gañadores deste **3ºTROFEO RODOSA-XVII RALLIE DE REGULARIDADE MOUCHO DO CONDADO** Será ó primeiro equipo clasificado con vehículo **RENAULT** no XVII Rallie de Regularidade Moucho do Condado.

5- Publicidade do trofeo:

Os equipos participantes deberán levar seguinte publicidade no formato que vos presentamos no artigo 12.



Anexo III

2º Trofeo **EAM** para vehículos 100% eléctricos e híbridos.

1-Definición:

A Escudería Surco, en colaboración con, **Electra Alto Miño** comercializado-ra de enerxía e fibra na comarca do Condado-Parandanta, organizan. O 2ºTROFEO **EAM** -XVII RALLIE DE REGULARIDADE MOUCHO DO CONDADO para vehículos eléctricos e híbridos, coa finalidade de premiar os equipos que compitan cun vehículo desta categoría .

2-Áspirantes:

Os equipos a participar no 2ºTROFEO **EAM** -XVII RALLIE DE REGULARIDADE MOUCHO DO CONDADO Precisan de estar inscritos no Rallie, e ser equipos que participen con vehículos de categoría eléctrica 100% e híbrida.

3- Requisitos da Proba

Os equipos participantes que participen no 2ºTROFEO **EAM** -XVII RALLIE DE REGULARIDADE MOUCHO DO CONDADO , deberan poñelo no formulario de inscrición, e a maiores levaran unha pegatina en formato placa de Rallie, identificándose como competidores de dito trofeo, dita pegatina e obrigatoria levala para participar neste trofeo.

4-Premiados:

Os gañadores deste 2ºTROFEO **EAM** -XVII RALLIE DE REGULARIDADE MOUCHO DO CONDADO Será ó primeiro equipo clasificado con vehículo de categoría Eléctrico 100% e o primeiro clasificado da categoría de vehículo híbrido, no XVII Rallie de Regularidade Moucho do Condado.

5- Publicidade do trofeo:

Os equipos participantes deberan levar seguinte publicidade no formato que vos presentamos no artigo 12 do presente regulamento particular

Anexo IV

Este ano 2025 a Escudería Surco decide trocar de emprazamento sendo este o Restaurante-Pizzeria O Castelo en Vilasobroso, Mondariz, o cal vos deixamos aquí o menú para os equipos que participan este ano no XVIII Rallie de Regularidade Moucho do Condado, o menú e o seguinte.

Entrantes:

Xamón sérrano e queixo

Empanada

Mexillóns o vapor

Lagostino cocido

Segundo:

Codillo o forno

Sobremesa

Bebida

Cafés

Se algún equipo participante ten algunha alerxia ou intolerancia algún dos alimentos que avise por **whatsapp** o seguinte telefono

602.245.333

Anexo V

AUTORIZACIÓN PARA COPILOTOS MENORES DE EDAD

Don/Dona. _____, DNI nº.
_____, pai/nai/titor legal, con domicilio en
_____, e teléfono de contacto nº _____.

AUTORIZA.

Don/Dona. _____, con DNI, nº
con idade de _____, e teléfono de contacto nº _____, autorizo
a participar como copiloto no XVIII Rallie de Regularidade Moucho do Condado,
que se celebra o día 22 de novembro de 2025.

Firma padre/madre/titor

Firma do copiloto/a

Selo y firma responsable de Escudería Surco